

Mensaxe nunha botella


Xuvenil O Premio Fundación Caixa Galicia contén unha historia calidoscópica con mensaxe solidaria

A edición 2009 dos Premios Xerais viña con sorpresa, e grande: a dobre condición de gañadora de Rosa Aneiros en dúas categorías, a de novela con *Sol de Inverno* e o Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil con *Ás de bolboreta*. Visto coa perspectiva dos meses o que máis chama a atención é que neste último vencesse co acordo unánime do xurado, que destacou a súa obra con claridade por riba das outras cun nivel de consenso que non se producira en anos anteriores.

Boa parte da maxia do texto de Rosa Aneiros para cativar coa mesma eficacia a adultos e mozos reside no seu carácter calidoscópico e plural. O escenario principal é unha cafetería de Santiago de Compostela, o Luzada, rexentado por Patricia, unha muller que se fixo cargo do local nun momento en que vía inviábel proseguir coa súa formación académica. No Luzada conflúen unha morea

de personaxes cuxas vidas iremos descubrindo ou máis ben intuindo a través de estampas impresionistas e conversas collidas ao voo que revelan verdades entre liñas. Coñeceremos así a Eusebio e Lola, os anteriores donos do bar, que loitan en soidade contra as dificultades que se derivan da vellez e da perda progresiva de saúde e mobilidade. A Iqbal, un mozo inglés de orixe paquistaní que marchou de Londres tras os atentados no metro en xullo de 2005 e que botaba horas e horas no Luzada conectado a Internet, no mesmo ordenador que Mohamed mira de cando en cando con medo de que as palabras se convertan en ferramentas de transmisión do odio. Saberemos da señora Filomena, cuxo fillo está en misión humanitaria co exército en Darfur e que sofre ao ver nos xornais os froitos da violencia e da guerra. De Manuel, un neno africano que non superou a morte da súa nai adoptiva e que ten no seu avó a súa principal

Ás de bolboreta ·
Rosa Aneiros ·
Xerais, 2009 ·
232 páx · 12,50 euros



compañía. Tamén dunha muller que agarda por unha chamada que non chega, a dos sobriños que intentan entrar en España cruzando o valado da vergoña que separa mundos en Melilla, ou de Aysel, vítima do amor e da indiferenza que Occidente amosa ante a represión do pobo kurdo polo goberno turco.

Rosa Aneiros constrúe con eles un crebacabezas que pode reordenarse de diferentes maneiras. Estrutura o libro en capítulos breves que admiten unha lectura independente, pero que se reforzan os uns aos outros e gañan en complexidade igual que están conectadas entre si as vidas das



Make love, don't make the war // **Stefano Martini**

persoas. Na sociedade global en que vivimos calquera historia quedanos a uns poucos graos de separación e os grandes sucesos que ocupan a atención dos medios acaban por ter repercusións concretas na experiencia cotiá daqueles cos que compartimos a hora do café; de aí o urxente que é desbotarmos os prexuízos e a desconfianza e a necesidade de comprender o outro. A escritora manexa con oficio distintos rexistros, do naturalismo dos diálogos entre

un avó e o seu neto ao apaixonado lirismo que asoma en moitas páxinas; como na canción brasileira, é consciente de que a tristeza non ten fin mais a felicidade si, e por iso o ton xeral vén marcado por unha certa amargura, aínda sen negarlle espazo á esperanza. Rosa Aneiros fixo un libro con mensaxe, dito sexa sen ánimo pexorativo: unha mensaxe de solidariedade e amor polo ser humano. Desas aínda temos moita falta.

// **Martin Pawley**